



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS SOBRE O PROXECTO E-DIXGAL

Neste curso 2023-2024 o CEIP Ramón Cabanillas continua co proxecto E-Dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria. Isto implica, que o alumnado destes niveis dispoñerá dun **ordenador persoal** e do **acceso a contidos dixitais** na **contorna virtual de aprendizaxe EVA E-Dixgal**.

Toda a información referente ao proxecto está dispoñible [neste enderezo web](#). É moi importante que as familias consulten o apartado "[Información para as familias edixgal](#)", do que cómpre destacar as seguintes cuestións:

Entrega dos equipos

- O alumnado que se incorpora esta ano ao proxecto (5º de Educación Primaria, e alumnado novo no centro) recibirá o seu ordenador persoal nos primeiros días do curso, na semana seguinte entregaranse dúas copias do [acordo de cesión](#) (unha para as familias e outra para o centro).
- **Os ordenadores do alumnado só se poderán levar para a casa unha vez que se entreguen os acordos de cesión correspondentes, asinados pola nai, pai ou titor legal de cada estudante.** No caso de non entregar este acordo de cesión, o ordenador asignado poderá empregarse só dentro do centro.

Condicións de uso

No acordo de cesión detállanse as condicións ás que está sometido o préstamo do ordenador persoal do alumnado, que resumimos a continuación:

1. O ordenador **só se poderá empregar para estudar e realizar tarefas encargadas polo profesorado.** Ademais, **non poderá cederse a outras persoas.**
2. Non se poden realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado nel.

3. O alumnado debe traer a **batería completamente cargada todos os días**.
4. O ordenador devolverase ao rematar o curso e cando o centro o solicite se for necesario.
5. O ordenador poderá ser inspeccionado en calquera momento para constatar o seu estado.

Resolución de incidencias e seguro opcional

No caso de se producir unha incidencia relacionada co ordenador persoal dos alumnos, deberá notificarse o antes posible ao centro ou ao [Soporte Premium](#). En relación con isto, cómpre ter en conta o seguinte:

- As avarías debidas a fallos de fabricación estarán cubertas pola garantía dos equipos, polo que a reparación ou reposición non terá custo ningún para as familias.
- **A reparación das avarías non debidas a defectos de fabricación (roturas, intencionadas ou accidentais) deberá ser asumida polas familias, así coma a reposición dos equipos no caso de perda ou roubo.**
- Existe a posibilidade de contratar un **seguro opcional** que cobre a **rotura** dos diferentes compoñentes do equipo, cun prezo de **49 € por curso académico**. A contratación debe realizarse a través do teléfono **881 505 136**.

En Santiago de Compostela a 15 de setembro de 2023

A dirección.